



R1 DO-0202 P1 - Informe anual do Plan de Promoción do Centro

Informe Anual de Promoción do

Centro Curso 2018 – 2019

Aprobado en Comisión de Garantía Interna de Calidade o 08/07/2019
Aprobado en Xunta de Escola o 08/07/2019

Vigo, a 8 de xullo de 2019

Guillermo García Lomba
Coordinador CGIC

O obxectivo do Plan de Promoción da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía (EME) é establecer a sistemática que permita ao centro planificar, organizar e avaliar de forma adecuada as accións de divulgación da súa oferta formativa. Este Plan ten un carácter anual e ten como obxectivo fundamental o de ofrecer ao estudantado potencial información directa sobre as características das titulacións da EME.

Este Informe Anual de Promoción do Centro recolle o conxunto de accións realizadas durante o curso 2018-2019.

O responsable do Plan de Promoción é o Coordinador da Comisión de Difusión do Centro, José Santiago Pozo Antonio. As súas funcións son:

- Avaliación anual das actividades planificadas, recompilando e arquivando as evidencias xeradas á finalización do curso académico e que se resume neste documento, *Informe Anual de Promoción do Centro, Curso 2018–2019*. O devandito seguimento debe ser aprobado pola Comisión de Garantía de Calidade e pola Xunta de Escola.
- Remitir á Comisión de Garantía de Calidade do centro a proposta do Plan de Promoción para o curso 2019-2020. Dita proposta debe ser aprobada pola devandita comisión así como pola Xunta de Escola ao inicio do curso académico.
- Distribuír as actividades de Promoción entre os membros da Comisión de Difusión, o Equipo Directivo e o profesorado do centro.

Informe do Coordinador da Comisión de Difusión das titulacións impartidas na EME CURSO 2018-2019

En setembro 2018 e xaneiro 2019, a EME enviou cartas tanto por correo ordinario como a través de e-mail a todos os IES da comunidade galega e aos concellos da provincia de Pontevedra para ofertar as actividades desenvolvidas na EME co fin de darlle visibilidade e difusión aos graos e mestrados da EME:

- Grao en Enxeñaría da Enerxía
- Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos
- Mestrado en Xeoinformática
- Mestrado en Enxeñaría de Minas.

As actividades realizadas no curso académico 2018-2019 enmárcanse dentro dos seguintes tipos:

- Actividades nas que persoal da EME visita os centros interesados
- Actividades nas que o público ou os centros interesados visitan a EME
- Material de difusión creado e repartido entre os centros.
- Concursos
- Participación en actividades educativas centradas no ensino das ciencias da terra
- Redes sociais.

1. Actividades nas que persoal da EME visita aos centros interesados:

1.1. Charlas Divulgativas e Monográficas

<http://minasyenergia.uvigo.es/es/escuela/divulgacion/charlas-monograficas>

Os centros de educación primaria, secundaria e bacharelato poden solicitar á EME calquera das charlas ofertadas, de maneira que un/unha profesor/a da EME, acompañado/a nalgúns casos dun ou dunha estudante dos últimos cursos dos graos, desprázase ao centro interesado. Durante 1 hora realízase a exposición sobre o tema solicitado. Para facer máis interesante a exposición, A PERSOA docente tenta acompañar a súa exposición con actividades manipulativas. En todas as charlas faise referencia ás titulacións da EME, especialmente aos graos. Ademais, os centros poderán solicitar unha charla non ofertada sempre e cando estea relacionada con **enerxía, materiais e medio ambiente**. As charlas ofertadas no curso 2018-2019 foron:

A) CHARLAS DIVULGATIVAS SOBRE OS GRAOS (duración: 20 minutos)

- Grao en Enxeñaría de Recursos Mineiros e Enerxéticos
- Grao en Enxeñaría da Enerxía

B) CHARLAS MONOGRÁFICAS (duración: 45 minutos)

- Materiais intelixentes e outras aplicacións (dirixida a estudantes de Química)
- Física Re-Creativa: <http://www.clickonphysics.es/>
- Recursos minerais en Galicia/España
- Termografía infravermella para a inspección de instalacións enerxéticas
- Aplicacións da termografía infravermella no campo dos recursos naturais e medio ambiente
- Aspectos medioambientais na explotación de recursos
- Explotación de petróleo e gas natural
- Restauración de espazos afectados por explotacións mineiras
- Escándalo das emisións en motores diésel (Dieselgate)
- Conservación do street art (dirixida a estudantes de Química, ciencias da terra e xeoloxía)
- Tecnoloxía láser aplicada á conservación do Patrimonio construído.
- ¿Que fai un/unha enxeñeiro/a de minas conservando patrimonio cultural?
- Minaría espacial.
- Sustentabilidade na explotación de recursos mineiros.

Un total de 36 centros solicitaron estas charlas, concretamente 43 charlas foron impartidas e chegouse a un total de 2408 estudantes. As charlas realizadas durante o curso 2018-2019 recóllense na Táboa 1.

Táboa 1: Charlas divulgativas e monográficas impartidas en centros de primaria, secundaria e bacharelato.

Data	Centro	Charla	Persoal da EME	N. asistentes
05/11/2018	IES Antón Losada Dieguez (A Estrada)	Física ReCreativa	Benito Vázquez	1º e 2º bach (45)
09/11/2018	IES Luis Seoane (Pontevedra)	Recursos minerais en Galicia e España	Iago Pozo	1º e 2º bach (45)
14/11/2018	IES A Sangriña (A Guarda)	Recursos minerais en Galicia e España	María Araújo	1º e 2º bach (40)
14/11/2018	IES A Sangriña (A Guarda)	Charlas divulgativas das titulacións	María Araújo	1º e 2º bach (40)
23/11/2018	IES Ánxel Fole (Lugo)	Recursos minerais en Galicia e España	Elena Alonso	4º ESO e 1º e 2º bach (100)
23/11/2018	IES Ánxel Fole (Lugo)	Aspectos medioambientais na explotación de recursos mineiros	Elena Alonso	4º ESO e 1º e 2º bach (100)
10/01/2019	CEIP de Sestelo-Baión (Vilanova de Arousa)	Recursos minerais en Galicia e España	Iago Pozo	5º e 6º primaria (26)
11/01/2019	IES Lagoa da Antela (Xinzo de Limia)	Física ReCreativa	Benito Vázquez	1º e 2º bach (60)
16/01/2019	IES de Teis (Vigo)	Aspectos medioambientais na explotación de recursos mineiros	Teresa Rivas	1º e 2º bach (17)
17/01/2019	IES Eduardo Blanco Amor (Ourense)	Física ReCreativa	Benito Vázquez	1º e 2º bach (200)
18/01/2019	IES Quiroga (Quiroga)	O escándalo das emisións de motores diésel	David Patiño	3º, 4º da ESO, 1º e 2º bach (60)
18/01/2019	IES Quiroga (Quiroga)	Aspectos medioambientais na explotación de recursos mineiros	María Araújo	3º, 4º da ESO, 1º e 2º bach (60)
25/01/2019	CPR Plurilingüe María Auxiliadora Salesianos (Ourense)	Física ReCreativa	Benito Vázquez	2º bach (9)
25/01/2019	IES do Barral	Termografía infravermella para a inspección de instalacións enerxéticas	Iván Garrido	4º ESO e 1º bach (44)
01/02/2019	IES Santa Irene (Vigo)	Materiais intelixentes e outras aplicacións	Raúl Figueroa	1º bach (19)
05/02/2019	Colexio Fogar de Santa Margarida (A Coruña)	Física ReCreativa	Benito Vázquez	1º e 2º bach (38)
05/02/2019	IES Antonio Fraguas Fraguas (Santiago de Compostela)	Física ReCreativa	Benito Vázquez	1º e 2º bach (48)
11/02/2019	IES Primeiro de Marzo (Baiona)	Física ReCreativa	Benito Vázquez	1º e 2º bach (65)
13/02/2019	IES Milladoiro (Milladoiro)	O escándalo das emisións de motores diésel (<i>Dieselgate</i>)	David Patiño	1º e 2º bach (58)
15/02/2019	IES Sofía Casanova	Materiais intelixentes e	Raúl Figueroa	3º e 1º bach

	(Ferrol)	outras aplicacións		(70)
20/02/2019	IES Montecastelo (Burela)	Física ReCreativa	Benito Vázquez	1º e 2º bach (45)
20/02/2019	IES Pintor Colmeiro (Silleda)	Materiais intelixentes e outras aplicacións	Raúl Figueroa	1º e 2º bach (25)
22/02/2019	IES Ricardo Mella (Vigo)	Recursos minerais en Galicia e España	Iago Pozo	4º ESO, 1º e 2º bach (150)
22/02/2019	IES Carballiño (O Carballiño)	Física ReCreativa	Benito Vázquez	1º e 2º bach (57)
22/02/2019	IES Chamoso Lamas (O Carballiño)	Física ReCreativa	Benito Vázquez	1º e 2º bach (70)
13/03/2019	Colegio La Salle (Santiago de Compostela)	Física ReCreativa	Benito Vázquez	1º e 2º bach (35)
21/03/2019	IES de Poio (Poio)	Física ReCreativa	Benito Vázquez	1º (13) e 2º bach (19)
03/04/2019	IES Pinguela (Monforte de Lemos)	Física ReCreativa	Benito Vázquez	4º ESO e 1º e 2º bach (44)
05/04/2019	IES Ribeira do Louro (Porriño)	Conservación do <i>street art</i>	Iago Pozo	1º (15) e 2º bach (17)
10/04/2019	IES Valadares (Vigo)	Física ReCreativa	Benito Vázquez	4º ESO (70)
11/04/2019	IES Salvaterra de Miño (Salvaterra do Mino)	Física ReCreativa	Benito Vázquez	2º bach (17)
11/04/2019	IES Salvaterra de Miño (Salvaterra do Mino)	Materiais intelixentes e outras aplicacións	Raúl Figueroa	4º ESO (69)
12/04/2019	IES Terra de Trasancos (Narón)	Física ReCreativa	Benito Vázquez	4º ESO (50)
23/04/2019	IES de Soutomaior (Soutomaior)	Física ReCreativa	Benito Vázquez	1º e 2º bach (26)
24/05/2019	CPR Santo Tomás (Porriño)	Física ReCreativa	Benito Vázquez	3º e 4º ESO (54)
25/04/2019	IES Politécnico de Vigo (Vigo)	Física ReCreativa	Benito Vázquez	1º e 2º bach (90)
26/04/2019	IES Alexandre Bóveda (Vigo)	Física ReCreativa	Benito Vázquez	1º e 2º bach (60)
28/03/2019	IES A Xunqueira 2 (Pontevedra)	Física ReCreativa	Benito Vázquez	1º e 2º bach (60)
29/03/2019	IES Ánxel Fole (Lugo)	Física ReCreativa	Benito Vázquez	4º ESO e 1º e 2º bach (100)
30/04/2019	IES Mendiño (Redondela)	Termografía infravermella para a inspección de instalacións enerxéticas	Iván Garrido	1º e 2º bach (42)
10/05/2019	Colexio Mariano (Vigo)	Física ReCreativa	Benito Vázquez	1º e 2º bach (58)
30/05/2019	CEIP de Sobrada (Tomiño)	O chan como depuradora	Teresa Rivas	5º e 6º primaria (56)
04/06/2019	IES Teis (Vigo)	Charlas divulgativas das titulacións	Iago Pozo	1º e 2º bach (50)



Figura 1: Charlas monográficas en diversos centros.

1.2. Exposición Itinerante

<http://minasyenergia.uvigo.es/es/escuela/divulgacion/exposicion-itinerante>

A EME ofrece a posibilidade de enviar ao centro interesado unha exposición de carácter didáctico na que se amosan os principais *Recursos Naturais de Galicia, Materiais e Reciclaxe, Restauración de Espazos Naturais*. Nesta exposición descríbense os recursos enerxéticos e mineiros de Galicia e faise unha breve descrición técnica de como é o seu aproveitamento actual. Ademais, coméntanse as fontes de enerxía alternativas como a hidráulica, eólica, xeotermia, solar e biomasa. Móstrase a importancia dos materiais no ámbito industrial automobilístico e a reciclaxe dos mesmos. A exposición consta de cinco *banners* con soporte autoportante, de fácil montaxe e coa posibilidade de ubicación en espazos reducidos. O tempo de concesión é de aproximadamente 1 semana. Como se recolle na Táboa 2, a exposición estivo en 13 centros no curso 2018-2019. Debido ás solicitudes recibidas, a EME adquiriu un segundo exemplar.

Táboa 2: Centros nos cales estivo localizada a exposición itinerante durante o curso 2018-2019.

Centro	Data de colocación
IES Luis Seoane (Pontevedra)	29/10/2018
CEIP de Sestelo-Baión (Vilanova de Arousa)	05/11/2018
IES Ánxel Fole (Lugo)	12/11/2019
IES Quiroga (Quiroga)	14/01/2019
IES do Barral (Pontearreas)	25/01/2019
IES Sofía Casanova (Ferrol)	11/02/2019
IES Ricardo Mella (Vigo)	18/02/2019
IES Perdouro (Ferrol)	25/02/2019
IES San Clemente (Santiago de Compostela)	11/03/2019
IES Monte Castelo (Burela)	20/03/2019
IES Milladoiro (Santiago de Compostela)	25/03/2019
IES Ribeira do Louro (Porriño)	01/04/2019
IES Salvaterra do Miño (Salvaterra do Miño)	11/04/2019




Figura 2: Paneis constituintes da exposición itinerante.

1.3. Participación en Feiras de Orientación Universitaria e Divulgación Científica

<http://minasyenergia.uvigo.es/gl/escola/divulgacion>

A EME, neste curso 2018-2019, participou nas seguintes xornadas:

- A) **XOU, Xornada de Orientación Universitaria** organizada por a Universidade de Vigo no campus Lagoas-Marcosende. Data: 13 de febreiro 2019. A esta feira asistiron arredor de 500 estudantes.

Participantes: Iago Pozo, Raquel Pérez, María Araújo, Lucía Nieto, Enrique Alonso, Iván Garrido.



Figura 3: XOU2019

- B) **EDUGAL, Feira de Educación y Formación de Galicia**, celebrada en Pontevedra. Data: 28 febreiro-01 marzo. A esta feira asistiron arredor de 500 estudantes.

Participantes: Iago Pozo, Raquel Pérez, María Araújo, Lucía Nieto, Enrique Alonso.



Figura 4: EDUGAL2019

- C) **XOUP, Xornadas de Orientación Universitaria e Profesional**, celebrada en A Coruña. Data: do 1 ao 5 de abril. A EME, representada pola Directora, Elena Alonso, estivo na feira o 4 de abril de 2019.
- D) **IV Feira Ciencia nas Rúas**. Feira de divulgación científica celebrada en Pontearreas, na que a EME colocou o seu *stand*. A esta feira asistiron arredor de 400 estudantes.

Participantes: Iago Pozo, Lucía Nieto, Teresa Rivas, Elena Alonso.



Figura 4: IV FEIRA CIENCIA NAS RÚAS

- E) **V Feria de Minerais de Santiago de Compostela.** Este ano 2019 a EME participou coa actividade titulada “*Mineral Tales*” o xoves 28 de febreiro. A esta feira asistiron arredor de 400 estudantes.

Participantes: Bienvenido Diez, Iago Pozo.



Figura 5: *Mineral Tales* en V Feira de minerais de Santiago de Compostela

- F) **XEOLODÍA 2019.** Xeolodía é unha iniciativa de divulgación na que se realizan excursións xeolóxicas de campo guiadas por ESPECIALISTAS EN XEOLOXÍA E NO MEDIO NATURAL, gratuítas e abertas a todos os públicos. Realizouse o 12 de maio e foi organizada pola EME e a facultade de Ciencias do Mar da Universidade de Vigo baixo a coordinación do profesor da Escola, Bienvenido Diez. A esta actividade asistiron 150 persoas.

Participantes: Bienvenido Diez, Iago Pozo, Teresa Rivas, Elena Alonso, Lucía Nieto, Enrique Alonso.




Figura 6: XEOLODÍA 2019 (A Guarda)

- G) Feira de Minerais e Fósiles de Guláns. O 3 de maio 2019, a EME participou nesta feira con 11 talleres de recoñecemento de minerais dende as 9:30 ata as 14:00 horas cun total de 250 estudantes.

Participantes: Ivan Garrido e Iago Pozo.

2. Actividades nas que o público ou o centro interesado visitan a EME

2.1. Xornadas de Portas Abertas

Calquera centro interesado pode visitar a EME concretamente as súas aulas e os seus laboratorios para coñecer máis de preto os plans de estudos e as saídas profesionais dos dous graos. A EME tamén recibe centros a través do Servizo de Extensión Universitaria (SIE) - Universidade de Vigo. Na Táboa 3 están indicados os centros que visitaron a EME no curso 2018-2019. Realizáronse 22 xornadas de portas abertas, acollendo na EME a 422 persoas interesadas en coñecer as titulacións impartidas na EME.

Ademais é importante indicar que se realizou unha Xornada de Portas Abertas o día 19 de xuño de 2019 e a EME participou na Xornada de Portas Abertas organizada pola Universidade de Vigo o día 20 de xuño.



Figura 7: Cartel da Xornada de Portas Abertas do 19 de xuño

Táboa 3: Centros que participaron nas Xornadas de Portas abertas durante o curso 2018-2019 na EME.

Data	Centro	Actividades	Persoal da EME	Asistentes (num.)
23/11/2018	IES Luís Seoane (Pontevedra)	Benvida	Iago Pozo	1º e 2º bach (23)
		Laboratorio Mecánica de Rochas	Uxía Castro	
		Laboratorio Xeotecnoloxías	Jesús Balado	
		Charla informativa	Estudantes: Laura Andrés, Sara Villaverde, Carlos Gómez	
13/12/2018	IES Álvaro Cunqueiro (Vigo)	Benvida	Iago Pozo	1º e 2º bach (46)
		Laboratorio Xeotecnoloxías	Iván Garrido Jesús Balado	
		Laboratorio Motores	Raquel Pérez	
		Charla informativa	Enrique Alonso Villar	
04/02/2019	ES Virxe do Mar (Noia)	Benvida	Iago Pozo	1º e 2º bach (24)
		Laboratorio Motores	Raquel Pérez	
		Laboratorio Xeotecnoloxías	Jesús Balado	
		Charla explosivos e restauración mineira	María Araújo	
		Charla informativa dos graos	Estudantes: Lucía Nieto, Carmen Filgueira.	
07/03/2019	IES As Barxas (Moaña)	Charla informativa dos graos	Iago Pozo	2º bach (10)
12/03/2019	Colexio Apóstol Santiago (Vigo)	Charla informativa dos graos	Iago Pozo	2º bach (23)
14/03/2019	IES San Tomé de Freixeiro (Vigo)	Charla informativa dos graos	Iago Pozo	2º bach (28)
21/03/2019	Colexio Amor de Dios (Vigo)	Charla informativa dos graos	Iago Pozo	2º bach (15)
21/03/2019	CPR Santa Cristina	Charla informativa dos graos	Iago Pozo	2º bach (15)
22/03/2019	Colexio Mariano	Benvida	Iago Pozo	2º bach (5)
		Laboratorio Física	Javier Vijande	
25/03/2019	Colexio CEMAR-Marcote (Mondariz)	Charla informativa dos graos	Iago Pozo	2º bach (30)
27/03/2019	IES Politécnico de Vigo (Vigo)	Charla informativa dos graos	Lucía Nieto	1º bach (23)
		Laboratorio Xeotecnoloxías	Iván Garrido	1º bach (23)
03/04/2019	IES de Beade (Vigo)	Charla informativa dos graos	Iago Pozo	1º bach (30)
03/04/2019	CPR Divino Salvador (Vigo)	Charla informativa dos graos	Iago Pozo	4º ESO (8)
09/04/2019	IES Antón Alonso Ríos (Tomiño)	Charla informativa dos graos	Iago Pozo	1º e 2º bach (21)
11/04/2019	Colexio Sagrado Corazón de Xesús	Charla informativa dos graos	Iago Pozo	1º e 2º bach (11)
11/04/2019	Colexio Marcote	Charla informativa	Iago Pozo	1º e 2º bach (11)

	(Vigo)	dos graos		
24/04/2019	IES Carlos Casares (Vigo)	Charla informativa dos graos	Iago Pozo	1º e 2º bach (15)
24/04/2019	IES Porto do Son (Porto do Son)	Benvida	Iago Pozo	1º e 2º bach (42)
		Laboratorio Motores	David Patiño	
		Laboratorio Mecánica de Rochas	Xian Estévez	
		Laboratorio Xeotecnoloxías	Jesús Balado Iván Garrido	
29/04/2019	IES Illa de Tambo (Marín)	Charla informativa dos graos	Enrique Alonso	4º ESO (20)
03/05/2019	Castro British School (Vigo)	Charla informativa dos graos	Iago Pozo	4º ESO (4)
03/05/2019	Colexio Bouza Brey (Vigo)	Charla informativa dos graos	Iago Pozo	4º ESO (10)
24/05/2019	IES Johan Carballeira (Bueu)	Charla informativa dos graos	Iago Pozo	1º bach (5)




Figura 8: IES Valadares na Xornada de Portas Abertas.

2.2. Taller de Recoñecemento de Visu de Minerais

<http://minasyenergia.uvigo.es/es/escuela/divulgacion/taller-minerales>

A EME recibe centros que estean interesados en realizar un *Taller de recoñecemento de visu de minerais*. Esta actividade ten unha duración de dúas horas; a primeira hora céntrase nunha explicación sobre as características e peculiaridades dos minerais, chamada *Mineral tales* e a segunda céntrase no recoñecemento dun conxunto de 27 exemplares coa axuda do material necesario para a súa identificación: lupa, material para identificar la dureza (moeda de cobre, vidro, porcelana, etc.). O feito de que os centros visiten a EME, permite darlle visibilidade ás titulacións impartidas no centro. No curso 2018-2019, como se resume na Táboa 4, visitaron a EME 8 centros e fixéronse 12 talleres, cun total de 227 estudantes.

Táboa 4: Centros que participaron no Taller de minerais da EME durante o curso 2018-2019.

Data	Centro	Persoal da EME	Número de asistentes
03/12/2018	CEIP de Sobrada (Tomiño)	Teresa Rivas	3º e 4º ESO (32) Fixéronse 2 talleres
		Teresa Rivas	
		Iago Pozo	
		Xian Estévez	
13/12/2018	IES Álvaro Cunqueiro (Vigo)	Iago Pozo	1º e 2º bach (46) Fixéronse 2 talleres
		Bienvenido Diez	
25/01/2019	IES do Barral (Ponteareas)	Iago Pozo	4º ESO e 1º bach (44) Fixéronse 2 talleres
		Bienvenido Diez	
		Ignacio Pérez	
01/03/2019	IES A Guía (A Guarda)	Iago Pozo	2º bach (9)
		Bienvenido Diez	
		Ignacio Pérez	
03/05/2019	IES Ricardo Mella (Vigo)	Iago Pozo	4º ESO e 1º bach (20)
		Ignacio Pérez	
12/04/2019	IES Valadares (Vigo)	Iago Pozo	4º ESO (70) Fixéronse 3 talleres
		Iván Garrido	
18/03/2019	IES Mendiño (Redondela)	Iago Pozo	2º bach (6)
		Ignacio Pérez	



Figura 9: IES A Guía (esquerda) e CEIP A Sobrada (dereita) no Taller de recoñecemento de minerais.

2.3. Aula Aberta á Tecnociencia

<http://minasyenergia.uvigo.es/es/escuela/divulgacion/aula-abierta>

A EME dispón da Aula Aberta á TecnoCiencia. Trátase dun espazo onde o centro solicitante, tras cita previa, realiza durante unha hora un módulo baseado en actividades manipulativas, de maneira que AS PERSOAS visitantes poidan ver de xeito práctico conceptos relacionados con **enerxía**, **materiais** e **medio ambiente**. Actualmente os módulos que se ofertan son:

- Módulo de combustión: *May the fire be with you.*
- Módulo de xeotecnoloxías: topografía con realidade aumentada.
- Módulo termografía infravermella: Visión infravermella: unha nova forma de contemplar o mundo.
- Módulo de física: Física Re-Creativa.
- Módulo de materiais: A febre dos materiais.
- Módulo de enxeñaría do terreo: *The Wall.*

Para difundir esta aula deseñáronse e imprimíronse trípticos. Na Táboa 5 amósase a relación de centros que visitaron á Aula Aberta á TecnoCiencia durante o curso 2018-2019 e realizaron algunha das actividades; en total participaron 4 centros e 102 asistentes.

Táboa 5: Centros que durante o curso 2018-2019 asistiron a algún módulo da Aula Aberta á TecnoCiencia.

Data	Centro	Módulo	Profesor responsable	Curso (número de alumno/as)
23/11/2018	IES Luis Seoane (Pontevedra)	Combustión	David Patiño	1º e 2º bach (23)
30/11/2019	IES Perdouro (Burela)	Física	Benito Vázquez	1º bach (21)
		Xeotecnoloxías	Iván Garrido	
		Materiais	Raúl Figueroa	
04/02/2019	ES Virxe do Mar (Noia)	Combustión	Raquel Pérez	2º bach (26)
24/04/2019	IES Porto do Son (Porto do Son)	Materiais	Raúl Figueroa	1º e 2º bach (42)




Figura 10: Actividades na Aula Aberta á TecnoCiencia. A) IES Luis Seoane no módulo de xeotecnoloxías, B) IES Perdouro no módulo de materiais, C) CPR Santo Tomás no módulo de xeotecnoloxías, D) IES Perdouro no módulo de física.

3. Material de difusión creado e repartido entre os centros.

Durante todo o curso foise xerando material informativo para entregar nos centros de primaria, secundaria e bacharelato así como en centros de formación profesional e en feiras de orientación universitaria. Diseñáronse novos trípticos para os graos e para a Aula Aberta á TecnoCiencia. Na Táboa 6 amósase o material de difusión deseñado neste ano e na Figura 11 poden verse os trípticos dos graos.

Grao en Enxeñaría da Enerxía

Este grao ofrece un curso completo para profesionais especialistas en enerxía eléctrica, térmica, hidráulica e enerxías renovables. O curso prepara aos estudantes para traballar en empresas, administracións públicas e centros de investigación.

Datos básicos da titulación

Número de graos de este grao: 10
 Modalidade de ensino: presencial
 Duración da titulación: 4 cursos académicos
 Número de créditos ECTS: 240
 - Formación Básica: 60
 - Especialización: 180
 - Optativas: 60
 - Trabajo de fin de grao: 12

Para máis información

Web: www.enxerxiao.uvigo.es
 E-mail: enxerxia@dega.uvigo.es
 Teléfono: 986 811 200





Universidade de Vigo

GRAO

Enxeñaría da Enerxía



Universidade de Vigo

Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía

Grado en Enxeñaría dos Recursos MINEIROS e ENERXÉTICOS

Este grao prepara aos estudantes para profesionais especialistas en explotación, explotación e administración de recursos minerais e enerxéticos. O curso prepara aos estudantes para traballar en empresas, administracións públicas e centros de investigación.

Datos básicos da titulación

Número de graos de este grao: 10
 Modalidade de ensino: presencial
 Duración da titulación: 4 cursos académicos
 Número de créditos ECTS: 240
 - Formación Básica: 60
 - Especialización: 180
 - Optativas: 60
 - Trabajo de fin de grao: 12

Para máis información

Web: www.enxerxiao.uvigo.es
 E-mail: enxerxia@dega.uvigo.es
 Teléfono: 986 811 200





Universidade de Vigo

GRAO

Enxeñaría dos Recursos MINEIROS e ENERXÉTICOS



Universidade de Vigo

Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía

Distribución temporal das asignaturas

Asignatura	1º curso		2º curso		3º curso		4º curso	
	ECTS	Grupos	ECTS	Grupos	ECTS	Grupos	ECTS	Grupos
Matemáticas I	6	1	6	1	6	1	6	1
Matemáticas II	6	1	6	1	6	1	6	1
Química	6	1	6	1	6	1	6	1
Física	6	1	6	1	6	1	6	1
Formación básica	60	12	60	12	60	12	60	12
Especialización	180	36	180	36	180	36	180	36
Optativas	60	12	60	12	60	12	60	12
Traballo de fin de grao	12	1	12	1	12	1	12	1
Total	240	48	240	48	240	48	240	48

Figura 11: Trípticos dos graos impartidos na EME (Grao en Enxeñaría da Enerxía e Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos).

Táboa 6: Material deseñado durante este ano con fins divulgativos.

Material	Responsable	Descrición	Canles de difusión	Data
Carteis e trípticos dos graos	Dirección da EME	Cartelería e trípticos con información sobre os Graos da Escola e a Aula Aberta á Tecnociencia	Entrega aos participantes nas actividades de difusión. Envío a centros de Educación Secundaria.	Ao longo do curso
<i>Merchandising</i>	Dirección da EME	Material de obsequio (bolsas, caramelos, paraugas, lanternas...)	Entrega aos participantes durante as actividades de difusión	Ao longo do curso
Notas en prensa	Dirección da EME	Anuncios no Faro de Vigo e na Voz de Galicia	Faro de Vigo e Voz de Galicia	3 anuncios e diversas noticias xeradas en torno a proxectos de investigación. Ao longo do curso
Cuñas na radio	Dirección da EME	Cuñas nos 40 principais, 40 classic e Cadena Dial	Radio	Xuño, xullo e agosto
Carteis e trípticos do mestrado de Xeoinformática	Pedro Arias	Cartelería e trípticos con información sobre o mestrado	Envío a universidades	Ao longo do curso
Charlas informativas do mestrado de Xeoinformática	Pedro Arias	Charlas informativas sobre o mestrado ao alumnado do centro	-	Ao longo do curso
Carteis e trípticos do mestrado de Enxeñaría de Minas	Elena Alonso	Cartelería e trípticos con información sobre o Mestrado	Envío a universidades	Ao longo do curso
Charlas informativas do mestrado de Enxeñaría de Minas	Elena Alonso	Charlas informativas sobre o Mestrado en centros universitarios	Envío a universidades	Ao longo do curso
Charlas informativas do mestrado de Enxeñaría de Minas	Elena Alonso	Charlas informativas sobre o Mestrado aos alumnos do Centro	-	Ao longo do curso
Facebook	Dirección da EME	Rede social de comunicación/información	-	Ao longo do curso
Linkedin	Dirección da EME	Rede social de comunicación/información	-	Ao longo do curso
Instagram	Dirección da EME	Rede social de comunicación/información	-	Ao longo do curso

Canal Youtube	Dirección da EME	Rede social de comunicación/información	-	Ao longo do curso
Tweeter	Dirección da EME	Rede social de comunicación/información	-	Ao longo do curso

4. Concursos

Ademais, a EME convocou unha serie de concursos para dar a coñecer temáticas relacionadas coas saídas profesionais das titulacións. A publicidade destes concursos realizouse a través das redes sociais, web, e-mails e cartas aos centros.

<http://minasyenergia.uvigo.es/es/escuela/divulgacion>)

- A) **ENFOCA.RME2018:** Trátase dun concurso de fotografía sobre recursos mineiros e enerxéticos: xeración, transformación, transporte e uso de enerxía, enerxías renovables, explotación de minerais e de rochas, túneles e obras subterráneas, restauración de espazos mineiros, avaliación de impacto ambiental, fabricación e uso de materiais, explosivos, etc.

Presentáronse 22 fotografías.

- B) **MULLER.RME2019.** Este concurso lanzouse en colaboración co enlace de igualdade na EME, Teresa Rivas. Trátase dun concurso de fotografía para dar visibilidade á muller nas actividades relacionadas coa profesión de enxeñaría de minas e enerxía: xeración, transformación, transporte e uso de enerxía, enerxías renovables, explotación de minerais e rochas, túneles e obras subterráneas, restauración de espazos mineiros, avaliación de impacto ambiental, fabricación e uso de materiais, explosivos, etc.

Presentáronse 18 fotografías.

- C) **EME-PAKUXA.** Concurso de improvisación oral destinado á comunidade universitaria.

Concursantes: 4




Figura 12: Carteis dos concursos celebrados na EME durante o curso 2018/2019.

5. Participación en actividades educativas centradas no ensino das ciencias da terra

5.1. Calendario 2019:

En decembro 2018, a EME enviou a tódolos centros de bacharelato da comunidade galega, un calendario onde se visibiliza o centro, a investigación realizada no mesmo e as saídas profesionais das persoas tituladas na EME.

5.2. Olimpíada de Xeoloxía 2019

<http://minasyenergia.uvigo.es/gl/escola/divulgacion/olimpiada-de-xeoloxia>

O 13 de febreiro 2019, tivo lugar na EME a fase rexional da X Olimpíada de Xeoloxía. Trátase dunha actividade convocada pola AEPECT (*Asociación Española para la Enseñanza de las Ciencias de la Tierra*), a Sociedade Española de Xeoloxía e o Colexio Oficial de Xeólogos. Nesta actividade participaron 150 alumnos/as de 4º de ESO e Bacharelato. Durante esta xornada, os concursantes asistiron a unha xornada de portas abertas na EME a través da cal puideron coñecer os graos. Asistiron a 4 talleres:

- A) *Investigando microscópicamente a arte urbana*, impartido polo estudante de doutoramento Enrique Alonso Villar.
- B) *Arte, minerais e falsificación: ¡A min non me engañas!*, seminario impartido pola profesora Teresa Rivas Brea.
- C) *Paleontoloxía 3D: fotogrametría e realidade aumentada*, impartido por Manuel García Ávila, presidente da Asociación Paleontolóxica Galega e estudante de doutoramento da Universidade de Vigo. Manuel estivo acompañado por Iván Rodríguez, estudante de doutoramento da Universidade de Vigo. Neste seminario AS PERSOAS asistentes visualizaron as reconstrucións en vida dalgúns organismos do Cámbrico e do Ordovícico mediante a aplicación de realidade aumentada *PaleoReality* (totalmente gratuíta e descargable en PlayStore). Ademais, mediante o programa *Carboniferous Forest Simulation*, visualizouse unha reconstrución dun bosque do Carbonífero. As reconstrucións 3D feitas a partir da fotogrametría visualizáronse mediante a web *Sketchfab*.
- D) *Realidade aumentada*, presentada polo estudante de doutoramento Jesús Balado.




Figura 13: Olimpíada de Xeoloxía 2019.

6. Redes sociais

As redes sociais da EME (Facebook, Instagram, Tweeter e LinkedIn) estiveron bastante activas durante este curso (unha media de 3 actualizacións por semana).

Ademais hai que salientar a nova campaña *landing*, activa dende o 23 de xuño ata o 20 de xullo, na cal os interesados/as en cursar os graos impartidos na EME poden encher un sinxelo formulario dispoñible na web e así recibir información personalizada.

<http://minasyenergia.uvigo.es/gl/ven-eme>

7. Valoración do Plan de Promoción da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía do curso 2018-2019.

Durante este curso 2018/2019, persoal da EME visitou 36 centros para impartir charlas monográficas e divulgativas, concretamente 43 charlas a un total de 2408 estudantes.

A exposición itinerante estivo en 13 centros. Adquiriuse un novo exemplar para poder ter máis dispoñibilidade.

A EME participou en feiras de orientación universitaria e divulgación científica como XOU, EDUGAL, XOUP, IV Feira de Ciencia nas Rúas (Pontearreas), V Feira de minerais de Santiago de Compostela, XEOLODÍA 2019, Feira de minerais e fósiles de Guláns (Pontearreas) e Olimpíada de Xeoloxía 2019. Considerando en conxunto o número de asistentes a estas actividades, o número é superior a 3000.

Na EME realizáronse 22 xornadas de portas abertas, acollendo a 422 persoas interesadas en coñecer as titulacións impartidas no centro.

8 centros visitaron a EME e fixéronse un total de 12 talleres de recoñecemento de visu de minerais (un total de 227 estudantes).

5 centros realizaron algunha das actividades da Aula Aberta á TecnoCiencia (102 asistentes).

A EME tamén convocou concursos fotográficos (ENFOCA.RME 2018, MULLE.RME 2019) e de improvisación oral (EME-PAKUXA 2019). Neste caso o pequeno número de participantes débese a que o lanzamento da convocatoria atopábase moi preto do día do concurso. Polo tanto, para o curso 2019-2020, a convocatoria de cada concurso xa se fixo no pasado mes de xuño, para que os centros educativos poidan valorar a súa participación nos mesmos con tempo.

A presenza da EME nas redes sociais (Facebook, Instagram, Tweeter e LinkedIn) foi axeitada e a través delas deuse visibilidade aos graos e as actividades desenvolvidas na Escola.